



PLAN DIXITAL

CEIP A PONTE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP A PONTE (27006383)

Paseo Álvaro Cunqueiro, s/n

ceip.aponte@edu.xunta.gal

Educación infantil (4º,5º,6º)

Educación primaria (1º a 6º)

Alumnado: 219

Profesorado: 27

1.2. 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1 Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O colexio de educación infantil e primaria "A PONTE" está situado na periferia da cidade, nun barrio coñecido polo mesmo nome "Barrio da Ponte" pertencente á parroquia de San Lázaro. Atópase nun enclave paisaxístico inmejorable, ás beiras do Río Miño, fronte do Balneario Termal e moi preto do club Fluvial da capital lucense, centro deportivo e de ocio.

É un colexio dependente da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O núcleo inicial desta agrupación, foron dúas escolas unitarias de nenos/as e unha de párvulos.

Por mor do alto número de alumnos/as matriculados e pola zona onde estaba, decidiron as autoridades competentes, a fundación dun grupo escolar no que se integrarían ademais das xa mencionadas outras escolas achegadas da zona rural.

A poboación activa da zona pertence maioritariamente ao sector primario (agricultura e gandería) e ao sector servizos.

Se ben son poucos os nacementos aínda son menos os servizos que hai para este sector da poboación sendo o noso Centro o que aporta, xogos, actividades, instalacións deportivas e biblioteca para o barrio.

Desde o punto de vista socioeconómico este centro está situado nunha zona considerada de nivel medio-baixo, aínda que esta consideración pode non ser totalmente axeitada, posto que os parámetros polos que o medio rural é analizado para a consideración das rendas, non se pode comparar cos dunha zona industrial. Pero podemos considerar que o colexio é dinamizador da vida cultural da contorna na que se atopa.

1.2.2 Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e Proxectos do Centro.

O Plan Dixital que se está a desenvolver, incide e comparte puntos con outros Plans e Proxectos nos que o centro participa, especialmente no Proxecto E-Dixgal e Plan de Integración das TICs na aula e tamén con PFPP nos que se participou nos últimos cursos, aínda que debido a Pandemia da COVID19, algún deles puido ter algún retraso. Entre eles podemos citar no curso 20-21 o PFPP (L2031019) que tivo como liñas primordiais de actuación as **Iniciativas formativas no ámbito STEM e a Integración**

didáctica das TIC. Traballo corporativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. Tamén no curso 20-21 se desenvolveu un Seminario sobre o Aproveitamento didáctico da aula Virtual, así como un Grupo de Traballo sobre a Integración Curricular da Robótica e a programación, e un curso de Aproveitamento Didáctico de Ferramentas Institucionais para o ensino mixto. Cabe citar que este centro participou e foi admitido na primeira convocatoria que se fixo do Proxecto Abalar, logo transformado en E-Dixgal, este feito fixo que o noso centro tivera que actualizar a conexión de banda ancha ás necesidades destes programas, o que supuxo un desembolso importante no que se refire aos custos, posto que a administración non se facía cargo deles. Na actualidade, o emprego dos recursos dixitais na aula é algo habitual e proba de todo isto é o interese do profesorado pola formación neste campo, ben é certo que botamos en falta recursos e material actualizado, así como outros elementos que quedan reflexados no Plan de Acción requerido para a posta en marcha do Plan Dixital.

1.1.3. Contribución do Plan Dixital a P.X.A do centro para o curso 2022/23

Dado que os resultados das enquisas previas á redacción deste Plan Dixital, manifestan as fortalezas e debilidades que no campo do ensino virtual ten este centro, así como as necesidades de formación ou carencias do profesorado para impartir este tipo de ensino, é evidente que na redacción da Programación Xeral Anual se terán en conta todos eses aspectos, así como os tres obxectivos que se indicaron no Plan de acción e que figuran xa, neste documento.

1.3. 1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración do Plan Dixital, responde á Planificación feita pola Consellería en base á seguinte normativa legal, sendo de obrigatoria o seu cumprimento polos centros:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración.

Seguindo as instrucións do mentor do noso centro fóronse cumprimentando as distintas fases programadas. En primeiro lugar creouse un equipo de dinamización do Plan Dixital composto por cinco mestres co obxectivo de avaliar a situación de partida do centro. Para iso fíxose o Selfie, o Test

CDD e o DAFO e por último o Plan de acción. Tendo en conta o informe DAFO, elaboráronse os obxectivos do Plan de Acción, que no noso centro foron os tres seguintes:

- Promover o uso xeneralizado da aula virtual por parte do profesorado
- Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro
- Elaborar un protocolo de acción para crear produtos multimedia con imaxe, vídeo e/ou son dentro da estratexia dixital do centro

A elaboración destes obxectivos fíxose con vistas a que fose posible levalos a cabo no curso escolar 2022-23

2. 2. Situación de partida

2.1. 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

[Este centro consta de dous edificios dotados con conexión por cable. So dispoñen de rede inalámbrica as aulas ABALAR.

- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:*

aulas dixitalizadas	6 aulas
proxecto E-Dixgal	4 aulas ABALAR
equipos de xestión e administración	3
uso na biblioteca	1
equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos	2
equipos ultraportátiles para aula móbil	10
aulas de informática e dotacións para proxectos específicos	0

- *Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente*
Os servizos dixitais educativos do centro son páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro.*
O mantemento do equipamento EDIXGAL realízao o servizo Premium da UAC e nos restantes casos as instalacións e equipos proporciónaos a Xunta a través da UAC.
- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.*
Plan de Continxencia. Proxecto E-Dixgal. Plan de Integarción das TICs na aula.
- O centro tamén ten elaborado un plan de continxencia para educación a distancia polo protocolo COVID ademais dun programa de cesión de ordenadores con conexión a internet a familias de especial vulnerabilidade.

2.2.

2.3. 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

INFORME SELFIE

Áreas SELFIE	Perfiles	Medias das respostas
A. Liderado	Equipo Directivo	3.8
	Profesorado	3.2
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	4.0
	Profesorado	2.8
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	4.2
C. Infraestruturas e equipos	Equipo Directivo	4,1
	Profesorado	3.3
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	4.1
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,7
	Profesorado	3.4
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
E. Pedagogía: Apoios e recursos	Equipo Directivo	4.4
	Profesorado	3.4
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
F. Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	4.2
	Profesorado	2.9
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	3.7
G. Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	4.0
	Profesorado	2.9
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	4.0
	Profesorado	3.3
	Alumnado (só 5º e 6º EP)	4.2

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	10	66,7%
PROVISIONAL	5	5	55,6%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	9	9	90%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,2	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Distribución do profesorado por niveis

A1	4	14,3%
A2	1	3,6%
B1	15	53,6%
B2	5	17,9%
C1	3	10,7%
C2	0	0
TOTAL	28	100,1%

2.4. 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTU RAS- EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Infraestrutura dixital nas aulas de 5º e 6º (C1-C2). Existe unha aula virtual xeral e a aula virtual Edixgal totalmente operativas (E3) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A infraestrutura dixital nas aulas non Edixgal e espazos comúns non é adecuada para o correcto desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe no contexto dixital. (C1-C2). 2. Non existen dispositivos dixitais propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise fora do equipamento Edixgal (C8-C10)
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fomentamos e abordamos a estratexia dixital, colaborando equipo directivo e profesorado (A1). 2. Coñecemos e respectamos as licenzas de autor (A5). 3. O claustro conta co apoio do equipo directivo para o DPC. (D1-D2) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Insuficiente tempo para que os/as docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. (A4). 2. Non avaliamos o noso proceso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (B1). 3. Non temos un plan para axudar ao persoal docente a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica. (C12) 4. Escaso uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado. (G1-G5-G6)
	PERSOAL NON DOCENTE		

ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facilitade para buscar recursos en liña e crealos. (E1-E2). 2. O alumnado aprende a actuar con seguridade responsable en Internet. (H1-H3) 3. Valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fora do centro educativo. (C10). 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado con NEE ten escaso acceso ás tecnoloxías de apoio. (C15). 2. Non se fomenta o traballo interdisciplinar do alumnado utilizando tecnoloxías dixitais. (F6). 3. Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe nin utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe.
FAMILIAS		
OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso a Internet en todas as aulas por Ethernet. (C3) 2. A asistencia técnica está dispoñible só nas aulas Edixgal (C5). 3. Dispoñemos de servizos educativos corporativos para difundir información sobre o centro educativo de maneira virtual e participamos en actividades formativas individuais organizadas pola administración. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A asistencia técnica NON está dispoñible no noso centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais nas aulas non Edixgal. (C5) 2. Non se garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias. (H10) 3. Maioritariamente utilizamos novas tecnoloxías ao mesmo tempo (ATIC1)
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen debates e reflexión sobre as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais. (B2) 2. Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro educativo, e usamos recursos dixitais en aberto. (E4-E5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non existe colaboración con outros centros para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais (B3)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Actualización equipamento dixital para a aprendizaxe obsoleta do centro. (C1-C2) 2. Asistencia técnica, didáctica e contar no propio centro con persoal docente competente dixitalmente e disposto a desenvolve-la coa liberación horaria correspondente (C5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Formación ofrecida pola administración improdutiva por excesiva burocracia e traballo extra que non axudan a formarnos. (D1-D2-D3) 2. Carga lectiva elevadísima sen tempo para a formación (D) 3. Imposibilidade de mercar tecnoloxía con recursos propios axeitada ás nosas necesidades. (A1) 4. Descoñecemento e pouca utilización do software libre no ámbito educativo. (PE5)
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Regular o uso de dispositivos persoais do centro tanto do alumnado como do profesorado (C13) 2. Formación dixital continua no propio centro. (D1-D2-D3) 3. Queremos usalas e somos conscientes das vantaxes de empregar a tecnoloxía con solvencia para a preparación das clases, impartición das clases, retroalimentación, apoio e comunicación (SMT1-2-3-4) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cambios legislativos constantes (A-D-F-G) 2. Demasiada burocracia e pouca pedagogía (F) 3. Número elevado de alumnos (F-G-H)
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creación de canles de colaboración e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna (B-E) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasa utilización de tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións ou entidades. (B3)
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creación de canles de colaboración e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna (B-E) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasa equipamento dixital no fogar e escaso uso da tecnoloxía con fins educativos (UTIC1-3)

OUTRAS ENTIDADES

1. Escasa equipamento dixital no fogar e escaso uso da tecnoloxía con fins educativos (UTIC1-3)

3. 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

	B. Colaboración e redes e E. Pedagogía: Apoios e recursos					
OBXECTIVO 1	Promover o uso xeneralizado da aula virtual por parte do profesorado (B2-E2)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Xefatura de Estudos e Coordinador/a TIC					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de docentes implicados/as					
Valor de partida	O 10% dos docentes manexen axeitadamente a Aula Virtual					
Valor previsto	100% do persoal docente empregue a aula virtual	Data Prevista	Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo para o manexo da aula virtual.	Xefatura de Estudos e Coordinador/a TIC	Marzo-Abril 2022-23	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Intercambiar experiencias entre os diferentes docentes.	Xefatura de Estudos Coordinadores de Ciclo Coordinador/a TIC	Todo o curso 22-23	Equipos Informáticos. Material creado no grupo de traballo e recursos TIC do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaborar un banco de	Coordinadores/as de Ciclo ou nivel.	Ao Final de	Coordinador TIC		Realizada	
					Aprazada	

recursos por niveis, adaptados ás características concretas do nivel.	Xefatura de Estudos Secretaria	cada Trimestre	Secretaria		Pendente	
---	-----------------------------------	----------------	------------	--	-----------------	--

ÁREA/S DE MELLORA	C. Infraestrutura e Equipos					
OBXECTIVO 2	Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro (C5)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Coordinador/a TIC.					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia de persoa Coordinador/a TIC con perfil técnico.					
Valor de partida	Non existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.					
Valor previsto	Existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.		Data Prevista	Final do curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Equipo directivo e inspección educativa.	Setembro-Outubro 2022	Máis persoal, para que a persoa coordinadora dispoña de máis tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Organizar formación específica técnica para os/as coordinadores/as TIC.	Coordinador/a de TIC e Equipo directivo.	1º Trimestre 2022/23	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Elaborar un rexistro de incidencias técnicas.	Coordinador/a de TIC.	Semanal	Responsable da coordinación e secretaría		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.4: Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia co alumnado.	Persoal docente participante no PFPP	2º Trimestre curso 2022-23	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Difusión do protocolo á comunidade educativa.	Equipo directivo Persoa coordinadora	Abril de 2023	Espazo web e as diferentes canles de comunicación do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.6: Explicación do protocolo a todas as familias e/ou titorias/as legais do alumnado.	Equipo directivo Persoa coordinadora	Abril-Maio 2023	Titorias. Espazo Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ÁREA/S DE MELLORA	1. LIDERADO					
OBXECTIVO 3	1.Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia con imaxe, vídeo e/ou son dentro da estratexia dixital do centro. (A1)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable	Equipo dinamización TIC liderado pola persoa coordinadora.					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Protocolo creado, divulgado e coñecido coa aprobación de Claustro e Consello Escolar.					
Valor de partida	Non hai protocolo					
Valor previsto	Elaboración dun protocolo adaptado á realidade do centro		Data Prevista	Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Nomear a persoa coordinadora, con asignación horaria, e integrantes do equipo de dinamización TIC.	Dirección Xefatura de Estudios Inspección Educativa	Setembro 2022	Profesorado do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Elaborar cartafol co profesorado que ten programado crear produtos multimedia co alumnado.	Coordinador/a TIC.	30 de outubro de 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación ao	Director Persoa coordinadora	Finais do 3º trimestre 22/23	Claustro Servizo formación profesorado		Realizada	

respecto e nomear coordinador/a.	PFPP		Experto/a lexislación		Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia co alumnado.	Docentes asistentes ao PFPP e titores que queiran participar	2º Trimestre curso 2022-23	A totalidade do profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Difusión do protocolo á comunidade educativa.	Equipo directivo. Persoa Coordinadora. Titores/as	Abril 2023	Espazo web e as diferentes canles de comunicación do centro. Espazo Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.6: Explicación do protocolo a todas as familias e/ou titores/as legais do alumnado.	Equipo directivo Persoa coordinadora Titores/as	Abril- Maio 2023	Documento elaborado e dado a coñecer nas titorías ás familias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No que fai referencia este apartado imos a detallar o equipamento que consideramos sería necesario para o posta en marcha do noso Plan Dixital, xa que gran parte do material co que contamos está totalmente obsoleto para desenvolver con eficacia as competencias dixitais tanto en alumnado, profesorado como en toda a nosa comunidade educativa.

- Equipamento dixital para a biblioteca

EDIFICIO SUR	
ESPAZOS A DIXITALIZAR	USO E FINALIDADE
Biblioteca	Competencias STEM, alfabetización dixital, proxectos, fomento da lectura...
Administración	Organización administrativa do centro escolar.
Sala do profesorado	Traballo persoal dos mestres/as para o seu que facer diaria na aula.
Salón de actos	Dotación de material dixital para charlas, conferencias, talleres...
Departamento de orientación	Organización administrativa do departamento.
Aula TEA	Motivar e traballar os diferentes contidos co alumnado TEA e así desenvolver as competencias dixitais co alumnado con TEA.
Aula de Informática	Dotación de equipamento segundo a normativa vixente dunha aula de informática.
Aula usos múltiples	Desenvolver o Plan Dixital entre o alumnado e o profesorado.
Aula Primaria (1)	
Aula de Música	
Aula de Pedagogía Terapéutica	

EDIFICIO NORTE	
ESPAZOS A DIXITALIZAR	USO E FINALIDADE
Aulas de Educación Infantil (3)	Desenvolver o Plan Dixital entre o alumnado e o profesorado
Aulas de Educación Primaria (5)	
Aula de Audición e Linguaxe (2)	Recurso para levar a cabo aprendizaxes significativas no alumnado e motivadoras.
Pavillón polideportivo	Para fomentar a interacción entre todos os membros da comunidade educativa e contorna (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias)

4. 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. 5. Difusión do plan

Dada a transcendencia do Plan Dixital é moi importante que toda a Comunidade Educativa sexa coñecedora da existencia del e ademais do procedemento e secuenciación da súa posta en marcha. Entendemos que calquera Plan no eido educativo, incide en moitos máis aspectos ca os referidos ao recinto escolar, polo que todos/as os/as axentes que poidabn ter relación co medio familiar e da contorna do alumnado, han deser non só coñecedores senón tamén participantes directos no desenvolvemento del.

Deste xeito para a súa difusión, empezaremos pola lectura pausada e interpretativa do que supón este Plan dentro do Claustro de mestres e mestras. Por outra parte será o Consello escolar quen en definitiva o aprobe e como órgano no que participan tanto mestres/as, pais/nais, representante do Concello e persoal non docente, tamén será un medio que contribúa a súa difusión.

Os medios de difusión masivos como poden ser a web do centro ou os que están dentro da Rede Corporativa da Xunta como o espazo Abalar tamén serviran para que ningún se quede sen coñecelo.